

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR E INFORMACIÓN DE AXUDA

Documentación obrigatoria:

1. Modelo 351 e Anexo I cubertos e asinados polos dous proxenitores (salvo familias monoparentais ou con custodia exclusiva) autorizando ao Concello de Lugo á consulta de datos tributarios e laborais
2. Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante e do seu cónxuxe ou das persoas que representen legalmente ao menor para o que se solicita a praza.
3. Copia do Libro ou Libros de familia ou incricións no Rexistro Civil ou, na súa falla, documentos que acrediten oficialmente a situación familiar. Deberanse presentar os documentos relativos a todos os menores que forman parte da unidade familiar para os efectos de contabilizar o número de membros na aplicación do baremo, así como os convenios reguladores de custodia ou sentenzas xudiciais que procedan.
4. Xustificante de ocupación da nai/pai, persoa titora legal ou acolledora, actualizada, no caso de persoas traballadoras que **non estean dadas de alta no réxime xeral** da Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta que autoriza o Anexo I, deberán achegar os seguintes documentos acreditativos.

- Certificación da Axencia Tributaria do último exercicio das persoas da unidade familiar.
- Informe da Seguridade Social da Vida Laboral na data do último día do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria ordinaria ou extraordinaria na que participen.
- Xustificación de estar inscritos como demandantes de emprego na data do último día do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria ordinaria ou extraordinaria na que participen.

. Documentación complementaria:

Deberase presentar a xustificación de todos aqueles aspectos riscados na solicitude e que van ser valorados conforme ao baremo aprobado nesta convocatoria.

- Certificado do grao de discapacidade e/ou dependencia do menor para o que se solicita a praza expedido pola Xunta de Galicia.
- Copia da resolución administrativa de acollemento ou de garda do menor para o que se solicita a praza expedida pola Xunta de Galicia..
- Certificado do grao de discapacidade e/ou dependencia da nai/pai, ou persoa acolledora, persoa titora legal, e/ou outros membros que formen parte da unidade familiar na que convive o menor, expedido pola Xunta de Galicia.
- Certificado da situación de monoparentalidade recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Copia do título de familia numerosa expedido pola Xunta de Galicia.

EDUCACION

BPT/cII

Refª: Informacion documentacion requirida.doc

Asunto:

- Xustificante da situación de excedencia da persoa solicitante ou cónxuxe onde figure a data de incorporación ao posto de de traballo. Esta situación terásese en conta se a data de incorporación é anterior ao 1 de setembro do ano en curso.
- Xustificante de que a persoa solicitante ou o seu cónxuxe cursa estudos reglados na data do fin de prazo de presentación da solicitude.
- Certificado que acredite a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, ou a condición de persoa adestradora, técnica, xuíz/a ou árbitro/a de alto nivel deportivo recoñecido pola Xunta de Galicia.

Requisitos para acceder á praza:

- a) Que o neno ou nena xa nacesse no momento de presentación da solicitude, sempre con anterioridade ao 31 de agosto de 2026.
 - b) Que teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso na escola infantil na que obteña praza (aínda que non é obrigatorio ata os catro meses comezar o período de adaptación) e non teña feitos os 3 anos de idade o 31 de decembro de 2026.
 - c) Que a persoa solicitante que conviva co menor e o menor para o que se solicita a praza estean empadroados no Concello de Lugo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
 - d) Que a nai e o pai, a persoa titora legal ou a persoa acolledora poidan identificarse mediante NIE ou DNI, non sendo válido o pasaporte para participar neste procedemento.
 - e) Os **menores de 16 anos** non poderán ser solicitantes de prazas nas escolas, polo que deberán facerse cargo da solicitude de praza os proxenitores destes ou persoas que exerzan a súa representación legal ou tutoría.
- Todas as listaxes, provisionais e definitivas; así como os requirimentos de subsanación se a solicitude se presentou incompleta publicaranse no taboleiro do Servizo de Educación e no Taboleiro dixital do Concello de Lugo.
- <https://www.lugo.gal/portal/tablonanuncios>